

ANUNCIO

CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E RESULTADO DA FASE DE CONCURSO DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE MESTRES/AS DE SAXOFÓN PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE AMES (EMMA)

De acordo coa Acta levantada polo secretario do Tribunal encargado de xulgar as probas do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de traballo de mestres/as de saxofón para a escola municipal de música do Concello de Ames, nomeado por Decreto da Alcaldía núm. 1381/2019, de 20 de maio, acórdase:

Dada a presenza tanto do presidente como do secretario, así como de dous dos tres vocais titulares, considerase cumprido o requisito regulamentario para a válida constitución e actuación, procedendo acto seguido á baremación dos méritos presentados polos/as aspirantes á fase de concurso

Baremación do concurso:

Unha vez baremada a documentación presentada, de acordo cos criterios fixados polo Tribunal, e o especificado no apartado 10º das bases e a documentación presentada polos/as opositores/as admitidos/as no proceso, o Tribunal acorda:

Primeiro.- Facer público o resultado da baremación dos méritos correspondente á fase de concurso, por medio de exposición do correspondente anuncio na páxina web e no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ames, e que queda como segue:

Aspirante	Servizos prestados	Formación		Total
		Titulacións	Cursos	
Cotado Rodríguez, Adrián	0	0,5	1,62	2,12
Méndez Arias, Sara	0	1,5	0	1,5

Segundo.- Infórmase aos/ás aspirantes que en dita baremación non se consideraron puntuables, entre outros, os seguintes méritos aportados polos/as aspirantes:

- Cursos que non contaran coa correspondente homologación por algunha administración pública ou organismo dela dependente tal e como establece o apartado 10 das bases. Que os cursos estean recoñecidos por Administracións Públicas non quere dicir que estean homologados por elas, polo que só se valoraron si contiñan a preceptiva homologación.
- Titulacións non contempladas no apartado 10.2.a1) das bases
- Todos aqueles cursos que abarcarán un ámbito non definido que dificultará ao Tribunal establecer o grado de relación co posto.
- O tempo traballado naqueles casos nos que os aspirantes non houberan achegado o contrato de traballo (ou toma de posesión no caso de ser a relación funcional) e a vida laboral (**imprescindibles ámbalas dúas cousas**).
- Non se tiveron en conta os certificados de empresa se estes non viñan acompañados do preceptivo contrato ou toma de posesión e o certificado de vida

laboral. Non foi valorado tampouco o tempo de traballo daqueles aspirantes que presentaran só a comunicación dos contratos de traballo ao SEPE e non o contrato de traballo.

- f) Os servizos derivados dunha actividade por conta propia que non viñeran acompañados da copia do contrato de servizo que dera lugar a experiencia alegada e a alta no réxime correspondente.
- g) Os contratos de traballo nos que non figurará a categoría de mestre/a da especialidade á que se opta. Contratos con categorías tan xenéricas como “mestre de escola de música”, non foron valorados.

Informase ademais, que aínda que os servizos se prestarán nunha escola municipal, se o contratante é unha empresa privada, os méritos compútanse como prestados nunha empresa privada.

Terceiro.- Convocar aos aspirantes para a realización do **primeiro exercicio** correspondente á fase de oposición, que terá lugar o día **12 de xuño de 2019 ás 10:00 horas** no salón de plenos do Concello de Ames. Os/as aspirantes deberán persoarse, provistos do DNI e con tres copias do proxecto que vaian defender.

Informar aos aspirantes que para este **primeiro exercicio** o Tribunal acorda establecer os seguintes **criterios de valoración**:

1. O proxecto que se presente deberá conter, obrigatoriamente, tal e como figuran nas bases, xa sexa de xeito estruturado ou que do contido do proxecto se poidan inferir de xeito claro, os obxectivos, contidos, metodoloxía e sistema de avaliación. Aqueles proxectos nos que falte algún destes puntos serán descartados polo Tribunal o que suporá a eliminación automática do/a aspirante do proceso selectivo.

2. A valoración farase do seguinte xeito:

- A estrutura do proxecto representará un 50% da nota e para a súa valoración teranse en conta os seguintes puntos:

Obxectivos: Valorarase de 0 a 1,25 puntos

Contidos: Valorarase de 0 a 1,25 puntos

Metodoloxía: Valorarase de 0 a 1,25 puntos

Sistema de avaliación: Valorarase de 0 a 1,25 puntos

-A calidade do proxecto representará o 30% da nota e para a súa puntuación terase en conta os seguintes puntos:

Innovación e orixinalidade do proxecto: valorarase de 0 a 1 puntos

Xustificación do proxecto: valorarase de 0 a 1 puntos

Recursos: valorarase de 0 a 1 puntos

- A exposición suporá un 20% da puntuación, valorándose de 0 a 2 puntos.

Cuarto.- Conceder prazo para presentación de **reclamacións contra a puntuación outorgada na fase de concurso ata o día 10 de xuño de 2019 (incluído)**; reclamacións que poderán presentarse en calquera dos rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As reclamacións teñen que versar sobre a documentación xa entregada dentro do prazo de presentación de solicitudes. A documentación que se presente no prazo de alegacións será considerada presentación de nova documentación fora de prazo e non se terá en conta.

Ames, 5 de xuño de 2019

O secretario do Tribunal,

Marcelino Portals Coto